

Idea orixinal de Mekané Didáctica S.L.U. Todos os dereitos reservados.

Presentamos Bibidú: Catro diferentes maletas educativas e creativas dedicadas á difusión da cultura e lingua galega, ao respecto medioambiental e á animación lectora.

- **Libri Terrae**
- **A Verbateca**
- **Camiño da Lingua**
- **Os Pelixos**

Estes catro diferentes kits de xogos, talleres e actividades, transportables nunha maleta pequena, compacta e personalizada, foron ideados para os cursos escolares de 1º, 2º e 3º ciclo de Educación Primaria, centrándonos fundamentalmente entre as idades dos 7 aos 10 anos. Forman parte dun proxecto orixinal de Mekané Didáctica, S.L.U. Con esta proposta facilitamos aos/as escolares a posibilidade de abrir a porta destes interesantes escenarios con experiencias imaxinativas, didácticas e lúdicas, fomentando sobre todo os aspectos pedagóxicos e de entretemento. As maletas ofrecen numerosas actividades creativas e construtivas xunto cun completo manual e unha unidade didáctica en cada modelo de Bibidú.



O principal obxectivo de Bibidú é que os/as escolares xunto a compañeiros e compañeiras poidan desenvolver, modificar e completar todas as actividades educativas e as combinacións entre elas.

Dentro de cada maleta existe unha completa guía de instrucións facilmente comprensible para que poidan cumprimentar todas as actividades e obradoiros destinados aos/as escolares. Poden desenvolver colectivamente os talleres propostos ou libremente, sempre baixo supervisión dos/as profesores/as.

A posta en marcha do proxecto consistirían na produción dun número determinado de maletas de cada temática que se distribuirían, segundo o criterio da institución responsable do proxecto, nos centro educativos designados. Entregaríase unha maleta de cada temática por cada centro educativo e, cada unha delas, contería unha unidade didáctica explicando os contidos da mesma e a metodoloxía didáctica aplicada en cada maleta. Tamén inclúe todos os materiais precisos para o correcto desenvolvemento das diferentes actividades expostas.

O material didáctico é orixinal e podería ser fotocopiado ou reproducido (sempre seguindo a normativa engadida en cada maleta) para que as diferentes aulas de cada centro educativo poida gozar e aprender con cada unha das maletas educativas.

As actividades, xogos e materiais que conteñen as maletas serán preparados seguindo un criterio e ritmo pedagóxico ao mesmo tempo que lúdico.

As ilustracións, a idea orixinal e a propiedade do proxecto serán propiedade exclusiva de Mekané Didáctica S.L.U. No caso de que unha institución estea interesada e comprometida con proxecto Bibidú. Maleta creativa, Mekané Didáctica cedería temporalmente os dereitos de imaxe e contidos á institución responsable da difusión do proxecto e por un tempo acordado baixo contrato por ambas partes.

Este proxecto adáptase ao Código de autorregulación da publicidade infantil 2023 do Ministerio de Consumo, ao Regulamento 690/2021 (UE) e á Lei 4/2022, do 25 de febreiro.

Maleta creativa: A Verbateca



A Verbateca é o laboratorio das palabras máis fermosas da nosa lingua. Atópase dentro do barco Verbatín, propiedade de Malapata “a pirata”. Xogaremos coa Verbateca para conseguir a maior cantidade de verbas fermosas galegas que se converterán no noso tesouro. Para iso teremos que superar as probas, actividades e obradoiros que nos plantexará Malapata coa súa maleta didáctica:

- Pescudando o crebacabezas.
- A maleta dos oficios.
- Parellas de animais.
- A melodía da nosa lingua.
- Explorando as cores.
- ...e moitas máis.

Maleta creativa: Libri Terrae



Maleta educativa Libri Terrae de animación á lectura chea de xogos, dinámicas grupais e exercicios lingüísticos. Os/as escolares poderán desenvolver a súa imaxinación e creatividade literaria, o pracer pola lectura e sentirse coma auténticos/as personaxes no mundo dos contos de Libri Terrae. Inclúe actividades como: o conto de Libri Terrae, contos falsos, as máscaras das emocións, a caixa dos libros, o teatrillo de Libri Terrae e...moitos máis.

Maleta creativa: Camiño da Lingua



Camiño da lingua é unha maleta lúdica e didáctica para fomentar a cultura e a lingua galega. Inclúe probas lingüísticas, preguntas culturais sobre Galicia e moitos xogos onde o vínculo é a lingua galega. A nosa proposta é unha buxaina que co seu baile sobre o taboleiro de xogo, achega a nosa lingua e cultura a todos os colexios de Galicia. A maleta de Camiño da Lingua propón: xogos en galego, tradicións e costumes galegas, refraneiros, ditos, adiviñas, trabalinguas, e obradoiros didácticos para coñecer máis da nosa terra.

Maleta creativa: Os Pelixos



Os Pelixos, porque non todo o lixo é igual. Esta maleta educativa é unha proposta para educar na reciclaxe e no respecto ao medio ambiente. Toda unha serie de xogos e actividades didácticas para ensinar a xestionar os residuos e a conservar o noso planeta.

Son catro personaxes, Os Pelixos, que viven nun vertedoiro calquera. Abandonados a súa sorte e esquecidos por ser lixo loitan por se buscar un futuro mellor. Queren fuxir do vertedoiro e desexan reciclarse para renacer como obxectos útiles e valiosos.

Toda unha maleta de superación e de concienciación medioambiental.

“Ás veces o que semella inservible, se volve útil”.